



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
Carlos Mollinedo Lois
Cándido Pérez Betanzos
Antón García Fernández

CC.OO.

Manuel Velasco Graña
Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Marcos Estévez Orge (DS)

U.G.T.

Arturo Casar Sarasola
Juan José

DELEGAN VOTO

M^a Jesús Losada Rodríguez
Rodrigo Alberte Pivida
Carmen Serra Rodríguez

AUSENTES C.I.

ASISTENTES CC.EE.

*DS- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación o día 23 de febreiro de 2006, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Asuntos de persoal:
 - a. Reivindicacións realizadas polo persoal do Edificio de Facultades de Ourense.
 - b. Escrito sobre as funcións e promoción do persoal dos servizos xerais do Campus de Ourense.
 - c. Escrito dos oficiais de laboratorio e técnicos de laboratorio ao CI a propósito das súas expectativas de promoción.
 - d. Escrito do persoal de servizos xerais en relación á negociación do II Convenio.
 - e. Escrito do persoal laboral da BUV en relación con unha sentenza favorable aos seus intereses
 - f. Petición de promoción interna. [Realizada polos TEBs]
5. Rogos e preguntas

Antes de comezar a reunión o Presidente da conta dos votos delegados que corresponden aos debidamente enviados por M^a Jesús Losada, Rodrigo Alberte e Carmen Serra.

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

A acta foi enviada con antelación a todos os membros do CI. Tras aceptar algunhas correccións, apróbase por unanimidade.

2. Informe do Presidente.

- Contratación temporal, prórrogas e mobilidade.
- Da execución dos acordos da reunión do 15 de xuño:
 - o Emisión dun informe favorable a unha petición de traslado.
 - o Comunicar a manifestación do CI a prol de que os exames das probas de selección se realicen só en galego.
- Da reunión que mantivo a Comisión Permanente do CI.
- Da reunión da Mesa Xeral do PAS que tivo lugar o 3 de febreiro.
- Da participación de membros do CI na Comisión do concurso de traslados.
- Do ingreso realizado pola empresa a o Plano de Pensións que este ano correspóndese coa cantidade de 218.13 € por partícipe. Nesta cantidade vai incluído o remanente da acción social.



- **Asuntos de persoal:**
 - o Do escrito enviado polo Presidente, na súa condición de delgado de prevención, ao persoal de servizos do CACTI, a dirección do mesmo servizo e ao presidente do Comité de Prevención e xerente da universidade sobres as anomalías que se están a dar nestas dependencias con respecto ao desempeño de certas tarefas perigosas.
 - o Da excedencia solicitada por Carmen Prieto Tomas.
 - o Da solicitude de pagamento dunha dieta realizada por Ramón Pousada, TESX da EEE de Torrecedeira.
 - o Do escrito asinado por persoal que desenvolve as súas funcións no Edificio de Ferro de Ourense referente a certas carencias de seguridade que posúe o citado inmovible.
 - o Escrito realizado polo persoal das conserxerías do Campus de Ourense sobre as súas funcións e a súa promoción.
 - o Escrito enviado ao CI asinado polos oficiais de laboratorio e técnicos de laboratorio con petición de que se teñan en conta as súas peticións no II Convenio.
 - o Escrito do persoal de servizos xerais en alusión as tarefas que desenvolven e o que se lles está a ofrecer de cara ao II Convenio.
 - o Do escrito dunha profesora asociada pedindo que se lle recoñeza o tempo traballado na Universidade de Vigo.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

- **Intercambio de vacación.**

Carlos Mollinedo, o representante do CI informa dos problemas que se está a dar entre as universidades participantes que levaron a unha ruptura de facto.

- **Tribunal Técnico Especialista de Microscopía Electrónica.**

Marcos Estevez, representante do CI, informa que un dos opositores ven de recusar a todos os membros do tribunal.

- **Comisión Selección Técnico Especialista de Belas Artes.**

Aser Fernández, comunica que a Comisión xa publicou a lista provisional de candidatos.

4. Asuntos de persoal.

- **Reivindicacións realizadas polo persoal do Edificio de Facultades de Ourense.**

No escrito detállanse as anomalías que se dan neste edificio. Acórdase por unanimidade comunicarlle ao xerente a preocupación do órgano de representación e, así mesmo, dar a coñecer estas petición ao Comité de Seguridade.



- **Escrito sobre as funcións e promoción do persoal dos servizos xerais do Campus de Ourense.**

Tras ler o escrito, chégase a conclusión de que o que se demanda xa se está a tratar na negociación do II Convenio.

- **Escrito dos oficiais de laboratorio e técnicos de laboratorio ao CI a propósito das súas expectativas de promoción.**

Tras darlle lectura tamén a este escrito, ábrese o debate. Carlos Mollinedo, solicita que se faga un estudo da RPT e, en todo caso, que subsistan as dúas categorías, a actual e a que se puidera crear. Marcos Estevez súmase a esta petición ao considerar que antes de crear unha categoría é preciso que se xustifique a súa existencia.

- **Escrito do persoal de servizos xerais en relación á negociación do II Convenio.**

Novamente lese o escrito e, como é un tema de negociación dos sindicatos na Mesa Negociadora, tómake nota das suxestións apuntadas.

- **Escrito do persoal laboral da BUV en relación con unha sentenza favorable aos seus intereses.**

A sentenxa lle recoñece aos demandantes o dereito a cobrar a diferenza entre a categoría de grupo IV e a de TEB. Durante as intervencións discútese o procedemento a empregar para que nos concursos de traslados ou procesos selectivos se lles recoñeza tamén a categoría do grupo III.

- **Petición de promoción interna [Realizada polos TEBs]**

Este apartado refírese a recollida de sinaturas realizada por Marcos Estévez entre os TEBs dos tres campus¹.

Cándido Pérez informa da conversa que mantivo co Presidente da Xunta de Persoal na que lle manifestou a posibilidade de facer unha reserva para os TEBs das prazas de axudantes de biblioteca que saían na próxima convocatoria. Cándido comprométese a falar de novo co presidente da Xunta de Persoal para falar deste asunto.

5. Rogos e preguntas.

- Carlos Mollinedo avisa que ademais do técnico especialista de audiovisuais da facultade de Ciencias sociais existe no mesmo centro outro contrato de obra nesta mesma categoría e no mesmo centro.

¹ O promotor deste asunto xa deu conta do mesmo na reunión anterior (ver acta 19/02/06).



Acordos:

- Non hai.

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)